

## LINGUA E SOCIEDADE 1º BACH / II-III

|                                               |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                      |
|-----------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Bilingüismo</b>                            | <p>Uso de dúas linguas.</p> <p>Este uso pode darse en situacións que diversas, de maneira que debemos diferenciar bilingüismo individual, bilingüismo social e bilingüismo territorial:</p> <p>a) Bilingüismo individual: capacidade dunha persoa para utilizar dúas linguas. Dependendo do grao de dominio desas linguas diferenciamos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Bilingües activos: individuos que son quen de comprender e expresarse nas dúas linguas.</li> <li>• Bilingües pasivos: individuos que comprenden as dúas linguas pero só saben expresarse nunha.</li> </ul> <p>b) Bilingüismo social ou bilingüismo diglósico.<br/>Unha sociedade é bilingüe cando nela se empregan dúas linguas diferentes como medio de comunicación.<br/>O bilingüismo social non é estable senón que comporta desequilibrios e tensións: <b>diglosia e conflito lingüístico</b>.</p> <p>c) Bilingüismo territorial ou colilingüismo.<br/>Un territorio está dividido en dúas zonas con linguas diferentes. Esta situación é infrecuente; atopámola en Bélxica, onde unha rexión. Flandres, ten o flamengo (neerlandés) como lingua oficial e outra, Valonia, o francés.</p> |
| <b>Diglosia</b>                               | <p>Uso de dúas linguas con valor social diferente (vid. nota final<sup>i</sup>):</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Unha (lingua A) é a <b>lingua dominante</b>, destinada ás funcións consideradas de máis prestixio.</li> <li>• Outra lingua (lingua B) é a <b>lingua minorizada</b>: úsase en relacións cotiás e informais.</li> </ul>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                  |
| <b>Conflito lingüístico</b>                   | <p>O bilingüismo social (bilingüismo diglósico) deriva no que chamamos conflito lingüístico.</p> <p>Aparece o conflito lingüístico cando están en contacto unha lingua dominante (lingua A) e unha lingua minorizada (lingua B).</p> <p>O conflito lingüístico é a tensión que se produce nunha sociedade entre dúas linguas (dominante e minorizada, lingua A e lingua B) por asumir un maior número de funcións e falantes.</p> <p>O conflito lingüístico manifestouse en Galicia, durante varios séculos, nunha clara situación de desequilibrio entre a lingua castelá (lingua A: dominante) e a galega (lingua B, minorizada), quedando a primeira nun status superior e a segunda marxinada socialmente<sup>ii</sup>.</p>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                      |
| <b>Lingua dominante vs. Lingua minorizada</b> | <p>Lingua dominante. É aquela que por diversos factores (políticos, culturais, económicos...) se impón fóra do territorio que lle é propio. É o caso de linguas como o castelán, o francés, o inglés, o chinés, o ruso...</p> <p>Lingua minorizada. Lingua autóctona dunha zona que retrocede nos diferentes ámbitos de uso, baixo a presión dunha lingua dominante que se introduciu dentro do seu territorio xeográfico<sup>iii</sup>.</p>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         |
| <b>Lingua minoritaria</b>                     | <p>Vid. nota<sup>iv</sup> para diferenciar lingua minorizada e lingua minoritaria.</p>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                               |



## NOTAS FINAIS:

<sup>i</sup> Historia. No caso de Galicia, a desigualdade entre galego e castelán remóntase a varios séculos atrás.

1º. Na Idade Media en Galicia utilízase o galego (no oral e na escrita).

2º. Fins da Idade Media: o castelán (lingua veciña, lingua do reino de Castela) entra en contacto co galego. 3º. Desde o séc. XV, o castelán é a lingua dominante (lingua do poder, do ensino, da igrexa...); o galego (lingua B ou minorizada) queda reducido ao uso oral coloquial ou familiar.

<sup>ii</sup> Tradicionalmente, ao longo da historia asociouse:

|                 | Castelán           | Galego                 |
|-----------------|--------------------|------------------------|
| Nivel social    | Clases altas       | Clases medias e baixas |
| Nivel funcional | Producións formais | Producións informais   |
| Nivel cultural  | Cultura urbana     | Cultura rural          |

<sup>iii</sup> Niveis ou graos nas **linguas minorizadas**:

- Linguas minorizadas oficiais nos seus territorios, pero que perden falantes en favor da lingua dominante. P.e. **galego**, gaélico-irlandés.
- Linguas minorizadas non oficiais nos seus territorios. P.e. bretón (Francia), frisón (Alemaña).

<sup>iv</sup> **Lingua minoritaria** vs. Lingua minorizada.

- O islandés. Lingua minoritaria (320 000 falantes) dentro das linguas do mundo (o castelán, o chinés, o galego teñen moitos máis falantes). Pero non é lingua minorizada: goza de plena normalidade no seu territorio.
- O occitano (falada por aproximadamente dous millóns de persoas, mentres que ata 12 millóns teñen certa competencia) non sería minoritaria, pero si minorizada: está discriminado no estado francés.

O status dunha lingua non está sempre en relación co número de falantes, aínda que este é un factor influente; incide tamén o poder político do país e as funcións que as linguas desempeñan: o alemán e o francés non teñen un elevado número de falantes, pero son consideradas linguas de cultura extra- nacionais.

<sup>v</sup> **Prexuízos**:

Prexuízos “vellos”:

- Socioeconómicos, do tipo “Co galego non se vai a ningunha parte fóra de Galicia”.
- Socioculturais, do tipo “As matemáticas son máis difíciles en galego”.

Prexuízos “novos”:

- Cara aos galegofalantes que non se adaptan ao perfil “tradicional”. Ao identificar galegofalante=persoa do rural, vella e inculta, unha persoa que non ten estas características (urbana, nova, culta) sofre a atribución doutros trazos: radicalismo ideolóxico, afán de notoriedade, pose intelectual...
- Sobre a competencia do falante para falar galego. Persoas que non sofren os prexuízos anteriores, pero seguen usando o castelán porque desconfían das súas capacidades lingüísticas en galego.
- Cara á estandarización do idioma: actitude de rexeitamento da variedade estándar, atribuíndolle artificiosidade e distanciamento da lingua falada.

**4.2.** Analice esta viñeta, utilizando os conceptos técnicos de estereotipo e prexuízo lingüístico. Explique como cambiaron os prexuízos cara ao galego a raíz do proceso de normalización lingüística. (Extensión aprox. 250 palabras) **(2,5 puntos)**



**PREGUNTA 5. Educación literaria:**

**PREGUNTA 4. As linguas e os seus falantes.** Responda un dos dous apartados:

**4.1.** Analice esta viñeta, de xeito que inclúa na explicación o significado técnico dos conceptos “prexuízo”, “lingua dominante” e “lingua minorizada”. Extensión aproximada: 250 palabras. **(2,5 puntos)**

